

Mesa Sectorial de 24 de outubro de 2011

Concurso de Traslados. Ámbito galego.

Prazo: desde o 10 de novembro ao 26, ambos os dous días inclusive.

Novidades desta convocatoria respecto da do pasado ano.

Vacantes: convocaranse as que resulten do concurso específico de orientación.

Prazas plurilingües: a titulación requirida fai referencia a orde aprobada este ano (Orde de 18 de febreiro de 2011).

Canto ao **profesorado desprazado**, establécese que non terán obriga de participar os que compartan centro de destino cunha persoa que nacera antes do 31 de agosto de 1948. En relación con isto a Consellaría entende que debido á eliminación da xubilación anticipada haberá menos mobilidade.

Baremo: nas publicacións manterase a puntuación acadada o ano pasado e só se engadirán as publicacións feitas despois do 14/12/10. No apartado 4.3. engádense algunhas asesorías e coordinacións. En relación coa puntuación dos cursos de iniciación e perfeccionamento vanse valorar como cursos. O curso de perfeccionamento non pode estar equiparado ao C1.

Prazo: 10 de novembro iníciase.

Anexo IX: nas EEOOII a especialidade é “español”.

Propostas da CIG-ENSINO:

Xa que estamos ante un concurso de ámbito galego o primeiro que reclamamos é que se esixa a competencia no noso idioma para todas as materias. É inconcibíbel que non se lle esixa o coñecemento a quen pretende concursar, máxime porque en calquera momento pode exercer cargos directivos ou pode ter que impartir a súa materia en galego porque así o requira o Plan Lingüístico do Centro.

Tamén se debería de recoller a posibilidade de que o profesorado se poida habilitar seguindo os criterios que se van aprobar proximamente.

En relación co profesorado que está obrigado a participar no concurso, hai unha situación que hai que ter en conta: o profesorado do corpo de mestres que estaba impartindo na ESO



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

nos centros que se transformaron, reclamamos que este profesorado non estea obrigado a concursar ou que se limite a obrigatoriedade á materia que impartía.

Continuamos a ver un proxecto que está destinado a acumular puntuación meritocrática. É totalmente desproporcionada a puntuación para os cargos directivos que en catro anos poden acumular o máximo de puntuación. Tampouco vemos razoábel que a puntuación por cargos directivos non sexa consumíbel. Defendemos que os criterios fundamentais á hora de acumular puntuación sexan o labor docente directo e a antigüidade.

Consideramos inaceptábel que non se puntúen no apartado de desempeño de cargos directivos e outras funcións os servizos prestados como funcionario en prácticas, interino... e, igualmente, tampouco puntúan as substitucións de diferentes cargos nos centros por parte de funcionarios de carreira. Consideramos que é inxusto e mesmo ilegal que ás persoas que realizan estas substitucións non se lles recoñeza nin sequera a puntuación que debería corresponderlle.

Supresión das Prazas bilingües: débese suprimir todo o referente a **prazas bilingües**. Pode ser un mecanismo para situarse ben. As materias que sexan impartidas en lingua estranxeira, debe impartilas o profesorado que xa é definitivo no centro. Non son prazas definitivas, xa que os centros poden abandonar tanto as seccións bilingües, como deixar de ser plurilingües, e por tanto ir para unha praza con este requisito e logo ser unha praza ordinaria.

Prazos do Concurso de Traslados: debe recollese as datas da resolución provisional e da publicación das puntuacións das baremacións. Tamén se debe coñecer a data aproximada ou exacta da publicación da resolución definitiva. Tamén se debe coñecer o día en que se van publicar no DOG. Debe haber un compromiso de que se publicarán as vacantes definitivas antes da resolución provisional do concurso, porque é un elemento fundamental para considerar unha posíbel renuncia.

Vacantes: deben saír xa as xa existentes. Debe haber mecanismos para contemplar as xubilacións a partir dos 65 e mesmo as que se produzan por clases pasivas. Por iso solicitamos tamén o peche da folla de servizos a 31 de agosto. Ademais, desde a **CIG-Ensino** seguimos reclamando **que se negocien as vacantes en todas as Xuntas de Persoal**. Tamén na Coruña e Pontevedra, onde é escandaloso o que sucede. Insistimos que as **vacantes provisionais se publiquen antes do concurso e as definitivas antes de que se publique a resolución provisional**, recollendo nel todas as vacantes que se xeraron por xubilación. E que se cumpra, porque en anos anteriores as vacantes definitivas non se publicaron no período de reclamacións e renuncias como estaba establecido. En todo caso antes de que remate o prazo de renuncias.

Puntuación unitarias: a **CIG-Ensino** reclama que se manteña a puntuación por responsábel de unitaria, unha vez consumida a puntuación por centro de difícil desempeño, en coherencia coa puntuación que se outorga polo exercicio da dirección, que non é consumíbel, e a razón de ser da puntuación de responsábel de unitaria é porque é un posto asimilábel ao exercicio dun cargo directivo.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Puntuación de titorías e outras funcións: no Apartado 4.3. en que se recolle a puntuación das titorías, manifestamos o noso desacordo con que se limite a cinco puntos a puntuación deste apartado. Habería que concretar as figuras análogas. Desde o noso punto de vista debería recollese: xefatura de departamento de orientación, responsábel de TICs, responsábel de biblioteca, responsábel de actividades extraescolares, dinamizacións, atención al. Estranxeiro, responsábel de formación no centro. Defendemos como punto de partida aplicar o de titoría e outras funcións docentes, recollidas no acordo retributivo. Todas as dinamizacións e responsabilidades recollidas na orde do 17 de xullo do 2007, artigo 5. Se non estaríamos ante un agravio comparativo, por exemplo, no caso de Primaria. E aí tería que explicitarse os coordinadores dos Equipos de normalización. Non estamos de acordo con que se puntúen as asesorías ás que non se accedeu por concurso, senón por nomeamento.

PROPOSTAS CONCRETAS Á ORDE DE CONCURSO DE TRASLADOS

- As **itinerancias** non se poden dar de oficio nin consideralas para exercer o dereito preferente.
- Denunciamos a fraude que se está a dar coas publicacións. Que se elimine a obrigatoriedade de presentar o **certificado editorial** para as publicacións ou das organizacións públicas para as obras publicadas por elas. Ademais que este requisito soamente se esixa para as obras publicadas despois de 2006, ano en que comezou requirir este certificado.
- Demandamos que o **dereito preferente** se estea obrigado a exercer **soamente pola especialidade que se obtivo por oposición** e polo tanto que non haxa que exercelo por todas as especialidades para as que se está habilitado. O mesmo no caos das adxudicacións de oficio.
- Que a **folla de servizos se peche o 31 de agosto de 2012.**
- Que se poidan **solicitar até 500 destinos**, como xa se fixo, é unha cuestión importante para as persoas que poden ser destinadas de oficio.
- Que se permita que nos días previstos para **emendar erros** se poidan rectificar códigos de zona, localidade, etc.
- Demandamos que todos os membros que actúen na comisión de baremación sexan elixidos a sorteo entre todo o profesorado de Galiza e que a inspección educativa non forme parte destas comisións.
- Lembramos a importancia de que as organizacións sindicais esteamos presentes nas comisións en que se revisen as reclamacións. E de paso comentamos que, xa que nos reducistes o número de liberados, teñades a ben atender a todas as persoas que vos consultan.

➤ Base 11.1: supresión das prazas plurilingües.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

-
- Base 11.2: que se acredite o coñecemento e a **competencia en lingua galega** en todas as especialidades e convocatorias. O lóxico é pedir competencia a todo o profesorado, entre outras cuestións porque non soamente as materias citadas son impartidas en galego, o Consello Escolar e o centro teñen competencia para fixar outras materias en galego e non pode suceder que esta posibilidade estea truncada porque alguén concursou sen acreditar o coñecemento da nosa lingua, ademais de que quen exerza un cargo directivo debe ser competente na nosa lingua. Por outro lado, xa que neste concurso se segue primando a puntuación subxectiva, propoñemos que se valore a impartición de aulas en galego, o que sería unha medida de incentivación positiva de uso do noso idioma.
 - Base 19: suprimir as prazas bilingües no apartado 6.
 - Base 24: que o sorteo se realice entre todo o profesorado galego e que a comisión estea presidida por un profesor elixidos a sorteo e no presidida por un inspector
 - Base 25.Publicación da resolución provisional no DOG e despois de coñecer as vacantes definitivas
 - Base 27 non poden colocarse de oficio na especialidades itinerantes, nin bilingües

BAREMACIÓN:

Para a CIG os concursos están cargados de **meritocracia**, servizos á administración, cargos directivos, condición de catedrático, polo menos que sexan consumíbeis. Para a CIG-Ensino o concurso de traslados debería fundamentarse na puntuación por antigüidade no centro e no corpo. Mais, mentres existan as puntuacións subxectivas, repetimos que se debe puntuar a todos, tomando como referencia a Orde de acción titorial, todas as coordinacións e dinamizacións (biblioteca, TICS, convivencia, etc.), **ademais deberían puntuarse no concurso as substitucións, é inasumíbel que o profesorado que ten que realizar a substitución dun cargo non teñan nin o recoñecemento a efectos do concurso, así como deben considerarse os sevizos de interinos e funcionarios en prácticas.**

- Na baremación solicitamos unha actualización dos criterios empregados e a súa publicación como **Circular aos centros** así como na páxina web, e a súa **unificación entre todas as comisións**, especialmente no relativo a publicacións. E que esa circular dea resposta a todas as preguntas que xa se produciron ou se poidan producir.
- Engadir, dentro da temática dos **cursos de formación e perfeccionamento as de contido transversal, cultura galega, etc.**
- 1.1.3. Enténdese que a puntuación por servizos presentados en centros de especial dificultade son consumíbeis, como os de provisionais. En todo caso hai unha discriminación no feito de que hai moitos centros que teñen unidades específicas de

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Educación especial sen crear e que polo tanto o profesorado que imparte nelas non se pode acoller a esta puntuación.

- 3. Méritos académicos: demasiado dimensionado o de doutor. En todo caso hai a Mención de Honra fin de grao superior, que se debería recoller no 3.1.4. porque é o equivalente a premio de fin de carreira en música. E recoller nivel básico das EOI e nivel elemental de Música.
- 4. A puntuación polo desempeño de cargos directivos debe ser consumíbel. A puntuación deste apartado é totalmente desproporcionado. Por poñer un exemplo: unha persoa que leve cinco anos como director consegue 20 puntos que é o máximo por ese apartado mentres que alguén que alegase méritos como titor/a ou coordinación non pode alcanzar máis de 5 puntos. Estamos en desacordo con que os cargos directivos e outras coordinacións e o desempeño de cargos só puntúen cando se desempeñan como funcionarios/as de carreira. **Deben considerarse tamén os que se desempeña desde a condición de interino ou funcionario en prácticas.**
- 4.3. recoller os coordinadores dos equipos de normalización.
- **Certificación de oficio da puntuación por cargos directivos e coordinación,** incluíndo interinos/as e funcionarios/as en prácticas.
- Apartado 5.1 deben estar homologadas que contén as actividades relacionadas coa normalización lingüística, como os interdisciplinares e transversais.
- Apartado 6. Publicacións. Non xustificar mediante as editoriais as anteriores ao 2006. Ademais hai que establecer no propio baremo que sexan orixinais ou fotocopias compulsadas, como se permitiu na comisión deste ano.
- Apartado 6.4. suprimir os servizos á Administración, en todo caso tería que ter límite e ser consumíbeis.
- Apartado 6.5. que pasa cos presidentes dos tribunais de oposición que son nomeados a dedo.
- Hai que regulamentar nos centros os criterios para que o profesorado elixa as titorías dos mestrados e do alumnado en prácticas, xa que se se vai primar debe haber uns criterios de adxudicación se hai máis demanda que oferta.
- Apartado 6.6. hai que puntuar a impartición de aulas en galego, xa que se puntúa todo.
- O/a responsábel de biblioteca, de convivencia, titores/as, todos/as os/as responsábeis de dinamización, Titoría e funcións que se recollan expresamente como figuras asimilábeis.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

- No anexo XIV e no XV onde di que se poderán presentar de novo os méritos de non estar de acordo coa puntuación recibida, mais para iso cómpre coñecer a puntuación recibida por cada mérito alegado.
- Incorporar no 6.3. a participación como solista e integrante de agrupación de cámaras.

Finalmente a Consellaría debe habilitar unhas instalacións axeitadas para desenvolver a comisión e tamén medios: persoal non docente e informático. A comisión de valoración das publicacións traballou sen recursos, xerándose así máis problemas. Ademais debe ampliar os membros das comisións de baremación ou, o que sería máis lóxico, ten que haber unha comisión por corpo.

Débese garantir tamén que desde o primeiro día a aplicación informática ten que funcionar correctamente.

Resposta da Consellaría ás propostas da CIG-Ensino:

Competencia en lingua galega: non aceptan a proposta. Están a dar cumprimento ao Decreto 124, por iso non ten sentido recoller o requisito para outras especialidades.

Habilitacións: non aceptan a proposta. Este 25 hai unha xuntanza en Madrid das CCAA que convocan concurso. Entenden que o RD de habilitacións non ten por que afectar a este concurso. Non parece que a aprobación do RD vaia incidir neste CCTT. No caso de que así fose farían unha adaptación normativa que se nos comunicaría.

Desprazados, especialmente dos centros transformados. Hai dúas situacións. Unha, se hai vacantes nos centros receptores, terían que resolverse fóra do concurso aplicando os criterios do Decreto 140. Segunda, cando non haxa resolveríase no concurso cos mesmos criterios do Decreto 140 (participarán obrigatoriamente no concurso, podendo pedir por dereito preferente no centro en que están, por se xenera vacante). Os funcionarios do corpo de mestres terán que pedir todas as prazas para as que están habilitados, como establece o Decreto 140 poden renunciar en catro convocatorias, ao rematar esas catro convocatorias, se non obtiveron destino no 1º ciclo da ESO, analizaríase o tema nese momento.

Coordinacións: analizarán se procede incorporar algunha das que sinalamos.

Prazas bilingües: non aceptan a proposta.

Datas da resolución provisional e definitiva, parece precipitado recollelas. En todo caso poden informarnos de en que períodos aproximados se producirán. Están de acordo en que as vacantes definitivas se coñezan antes de que se abra o prazo de reclamación e renuncias. Poderían publicar antes de rematar o prazo de concurso as vacantes iniciais, para iso terían que axilizar a negociación nas Xuntas de Persoal. Estudarán se inclúen as vacantes que se produzan con posterioridade a 31 de decembro, e até que data.

Unitarias: non aceptan a proposta.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Coordinadores de Dinamización: non aparece explicitado, porque di o Decreto 124 que teñen a puntuación que lle corresponde a un xefe de departamento.

Asesores: non aceptan a proposta, van puntuar todos os seleccionados e os nomeados.

Solicitudes: en principio non debería haber problema para poñer 500, tendo en conta que no seguinte concurso de ámbito estatal en que só poderán presentar 300 peticións, terán que borrarlle as 200 últimas.

Erros: non é posíbel pór un código errado. Van impedir erros moi xeralizados como marcar o perfil bilingüe sendo especialista de inglés.

Baremo: a circular aclaratoria publícase con carácter previo á baremación, vaise incluír a novidade sobre as publicacións. Recollerán que se poderán presentar fotocopias compulsadas. Estudarán se recollen publicacións que xa se presentaron, mais o profesorado considera mal baremadas.

Canto a valoración da **mención honorífica** en música di que o estudarán.